

OBXECTIVO

Comprender como as desigualdades xeradas polo sistema industrial orixinan un novo tipo de conflito social e unhas novas alternativas ideolóxicas.

A industrialización orixinou un tipo de relacións sociais, nas que a desigualdade económica e a miseria obreira se converteron no centro da **conflitividade social**.

Nun primeiro momento, a burguesía e o novo Estado liberal negáronse a aceptar as reivindicacións do proletariado. Pouco a pouco foron os propios traballadores os que crearon as súas **organizacións** e reivindicaron as primeiras medidas para paliar as inxustizas provocadas polo capitalismo industrial.

Coa súa acción, e coa contribución dunha serie de pensadores que buscaron alternativas (**marxistas**, **anarquistas**) ao sistema económico imperante, os obreiros foron tomando conciencia de que a mellora das súas condicións de vida e traballo dependía da súa capacidade para organizárense de modo político e sindical.

RELACIONA AS IDEAS

1. Que dous grandes grupos sociais contrapostos xerou o capitalismo? Por que se enfrontaban?
2. Que novas ideoloxías apareceron fronte ao liberalismo económico? Que pretendían?
3. Que organizacións crearon os traballadores? Explica as súas diferenzas.

TIRA CONCLUSIÓN


4. Por que foi necesaria para mellorar as condicións de vida dos traballadores a organización obreira?



C. MEUNIER: *No país negro*, 1893.

NOVO SISTEMA ECONÓMICO

- Triunfo do capitalismo industrial.
- Crecemento do proletariado.
- Duras condicións de vida e de traballo.
- Ausencia de protección social.
- Xornadas laborais de 12-15 horas.
- Traballo infantil.



Robert OWEN

NOVAS IDEOLOXÍAS

UTOPISMO

- Oponse á nova sociedade capitalista.
- Propón unha sociedade máis xusta e igualitaria.
- Principais pensadores: François Babeuf, Louis Blanc, Charles Fourier, Étienne Cabet, Robert Owen.

MARXISMO

- Denuncia do capitalismo porque basea as súas ganancias na propiedade privada e na explotación.
- Defende a organización obreira e a revolución para conquistar o Estado.
- Propón implantar un Estado obreiro sen clases nin tampouco propiedade privada.
- Principais pensadores: Karl Marx, Friedrich Engels.

ANARQUISMO

- Rexeita a autoridade.
- Busca a destrución do Estado.
- É contrario á formación de partidos políticos.
- Defende a espontaneidade e a autoxestión.
- Principais pensadores: Pierre-Joseph Proudhon, Mikhail Bakunin.

REVOLUCIÓN INDUSTRIAL REVOLUCIÓN LIBERAIS

APARICIÓN DO MOVEMENTO OBREIRO

Resposta ante a desigualdade do capitalismo. Conflitividade social.

Primeiros movementos

- **Ludismo**
Oposto ás máquinas, de carácter radical e violento.
- **Sociedades de Socorros Mutuos**
Primeiras sociedades de traballadores.
- **Cartismo**
Primeiro movemento político de traballadores. Demandas: melloras laborais, sufraxio universal, liberdade de opinión, etc.

NOVA SOCIEDADE DE CLASES

Desigualdade económica e social:

- **Burguesía**: posúe a propiedade e a riqueza e domina o sistema político.
- **Proletariado**: depende do seu traballo e de ser empregado. Non posúe dereitos políticos.



Moda burguesa, revista *Punch*, 1870.



H. MOCZNAY: *Marx con traballadores franceses*, 1844.

NOVAS ORGANIZACIÓNS

SINDICATOS

- Asociacións de traballadores para defenderen os seus intereses.
- Procedentes das Sociedades de Socorros Mutuos.
- Trade Unions, primeiros sindicatos en Gran Bretaña.
- Uso da folga como o principal instrumento de presión.
- Primeiros sindicatos: AGTA (Alemaña, 1863), UXT (España, 1888), CNT (España, 1910).

PARTIDOS

- Organizacións de carácter socialista, antecedentes dos primeiros partidos obreiros.
- Primeiros partidos: SPD (Alemaña, 1875), PSOE (España, 1879), Partido Laborista (Gran Bretaña, 1906).

ASOCIACIÓNS INTERNACIONAIS

- **Primeira Internacional**
 - Fundada en Londres (1864).
 - Agrupación de sindicatos, partidos e asociacións en defensa da clase obreira para loitaren contra o capitalismo.
 - Enfrontamento entre marxistas e anarquistas.
 - Disolución en 1876.
- **Segunda Internacional**
 - Fundación en 1889.
 - Agrupación de organizacións unicamente socialistas.
 - Mellora das condicións de vida e de traballo dos obreiros, representados politicamente.
 - Creación de símbolos obreiros: 1º de maio, A Internacional.
 - Dividida no século XX entre reformistas e revolucionarios.